


Como tribuna de opinión

Acerca dunha entretida novela

DOLORES MARTÍNEZ TORRES

Xulio Míguez, “enólogo vocacional, detective privado por circunstancias da vida”, recibe o encargo de averiguar por que a herdeira dunha das mellores adegas produtoras de ribeiro recibe fotos que amosan o seu marido, desaparecido días atrás, en plena orxía de satisfacción masoquista cunha dominante enmascarada. Máis que recuperar o seu home, o que ela desexa é protexer do escándalo o negocio familiar. Sen saber como afrontar o caso, Xulio acode a unha vella amiga da que está secretamente namorado, e que traballa, con grande éxito, como presentadora de TV, nun “programa vulgar de sucesos idiotas” deses que furgan con saña nas miserias. A investigación sobre o asunto esperta un crime longo tempo durmido e conclúe sacando á luz a verdadeira –e perigosa– natureza de certos personaxes, xunto coas turbias paixóns e desencantos –o amor, “ese erro da natureza”– que flúen baixo a aparencia da respetabilidade. Nesta novela case canónica, a pesar dos matices (velai o decálogo de Chandler a pautar os capítulos; ou ese crucial recordo á “pistola de Chékhov”), mesmo podería dicirse –non é así, non penses que estou a destripar a historia– que, ao final, todos morren (polo menos un pouco, ou dalgunha maneira) menos o apuntador.

Porque cómpre subliñar que, aquí, o “apuntador” –na figura dese



narrador omnisciente, omnipresente e participativo, que tanto se direxire aos personaxes como aos lectores, e que non dubida en comentarse e corrixirse en forma e fondo–

resulta un elemento fundamental. A súa a voz é, en grande parte, a voz do propio autor, quen –non por primeira vez na súa traxectoria–, ademais de converter a narración nunha reflexión sobre o labor da escrita, emprega a novela coma tribuna de opinión. Neste caso, a súa mordacidade crítica, adobiada con ironía e humor, dispara contra o poder embruteceador e narcótico da televisión, unha droga nada inocua contra a que xa Bradbury nos advertía hai medio século: compárese,

Relato con retrogusto forte, talmente como un viño dos bos

por exemplo, a dependencia afectiva da señora Montag –*Fahrenheit 451*– cara á súa falsa “familia” e amigos virtuais coa intensa relación que moitos espectadores de hoxe manteñen cos chamados “seres catódicos”, por usar un termo pre-LCD... Se cadra, a distopía é xa, e habitamos nela.

As frases curtas e os diálogos compactados en parágrafos outorgan axilidade a esta entretida novela, que invita a a deixarse enganar, nun leixaprén de sospeitas, ata ese final con “retrogusto forte. Coma un viño dos bos”.

CASTRO, Francisco, *In vino veritas*, Ed. Galaxia, Vigo, 2011, PVP 20 €